

Don Pablo Baena Calderón, secretario do Concello de Ponteareas (Pontevedra),

CERTIFICA que a Xunta de Goberno Local, en sesión levada a cabo o día 12 de marzo de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“4º) Proposta da concelleira de cultura e lecer, normalización lingüística e turismo do día 5 de marzo de 2018, para a aprobación dos prezos dos billetes das representacións teatrais correspondentes ao 1º semestre do convenio firmado entre o AGADIC e o Concello de Ponteareas.

Visto o informe do interventor accidental, do día 9 de xaneiro de 2018, sobre a existencia de crédito en contía suficiente na aplicación orzamentaria 33800-2260901 (actividades culturais e festivas) do orzamento vixente para o ano actual, pola cantidade de 8.696 €, no que vai engadido nestes orzamentos un 10% a máis para facerse cargo dos gastos que podan ocasionar o pago dos dereitos de autor.

Vista a proposta da concelleira de cultura e lecer, normalización lingüística e turismo do día 5 de marzo de 2018, para a aprobación dos prezos dos billetes das representacións teatrais correspondentes ao 1º semestre do convenio firmado entre o AGADIC e o Concello de Ponteareas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade a favor dos membros presentes (7 votos a favor), acorda:

aprobar os prezos dos billetes das representacións teatrais correspondentes ao 1º semestre do convenio firmado entre o AGADIC e o Concello de Ponteareas. Estes prezos deberán establecerse de acordo coas normas de funcionamento das programacións do AGADIC (resolución do 28/02/2011 publicado no DOGA do 8/04/2011, no seu artigo 5º, punto número 4) onde se establecen os prezos mínimos dos importes das entradas, que de acordo a categoría de “espazos B” (concellos de 12.000 ata 40.00 habitantes), en relación ao seu cache serían:

cache do espectáculo entre prezo mínimo

750 - 2,500€ 2,50 €
2,501 - 5,000€ 3,50 €
> 5,000€ 5,00 €

e de acordo ao exposto e tendo en conta os cachets que de seguido de indica:

data	cachet	obra compañía
18-03-2018	3.993 €	Eroski paríso Grupo Chévere
15-04-2018	4,961 €	O tolleito de Inishmaan Contraproduccións SL
06-05-2018	4,830 €	EntreSoños Fran Sieira Cía de Danza
13-05-2018	1,600 €	Falar sen cancelas Culturactiva
29-06-2018	2,360 €	Elisa e Marcela A Panadearía

solicito, que para a unificar as cantidades, debería quedar establecido o prezo do billete para cada unha das funcións programadas en 4,00€,

data	obra compañía	prezo do billete
18-03-2018	Eroski paríso Grupo Chévere	4,00 €
15-04-2018	O tolleito de Inishmaan Contraproduccións SL	4,00€
06-05-2018	EntreSoños Fran Sieira Cía de Danza	4,00€
13-05-2018	Falar sen cancelas Culturactiva	4,00€
29-06-2018	Elisa e Marcela A Panadearía	4,00€

1

Unha vez tomado este acordo deberá ser publicado no BOP e exposto no taboleiro de anuncios para facerse público para xeral coñecemento.

De cada espectáculo reservárase un total de 20 entradas para convites protocolarios, de membros de cada unha das compañías ou para campañas de promoción dos espectáculos.

A xestión do cobro das entradas realizarase en base ás instrucións que emita a Tesourería Municipal ó respecto e que será trasladada ó persoal responsable para o seu cumprimento.”

Para que conste e surta os efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do R.O.F. expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

O Secretario,

Pablo Baena Calderón

(Documento asinado electronicamente)